

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 24.10.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52980 (10/POC-008243)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre a garantía do dereito dos pacientes de Povisa a unha asistencia e servizos sanitarios de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019*
- 1.2 53198 (10/POC-008296)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a licitación e posta en marcha do proxecto do Centro Integral de Saúde de Lalín  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019*
- 1.3 53433 (10/POC-008363)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
García Míguez, María Ángeles e 7 máis  
Sobre a activación da quenda de garda psicolóxica para as vítimas de violencia machista  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019*
- 1.4 54501 (10/POC-008612)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as modificacións que vai implementar a Xunta de Galicia na unidade de atención temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, os servizos que vai poñer en funcionamento na comarca de Lemos e no Hospital de Monforte, así como a dotación de persoal e servizo que van prestar as dúas novas unidades anunciadas no mes de agosto para diversos concellos da provincia de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019*
- 1.5 56418 (10/POC-008871)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao novo centro de saúde de Narón de servizo de radioloxía, dunha unidade de saúde mental e de máis persoal, así como a diminución da ratio por doente en medicina familiar e enfermaría  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019*

- 1.6            56681 (10/POC-008895)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do risco da poboación galega de padecer vulnerabilidade social, situacións de pobreza ou exclusión, e as súas previsións en relación co incremento das medidas actuais para previr a marxinação e favorecer a inclusión social  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.7            56705 (10/POC-008903)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a información do Goberno galego respecto da posible venda do Hospital Povisa de Vigo a un grupo empresarial norteamericano e, se é o caso, a garantía do mantemento da calidade asistencial que se está a ofrecer aos pacientes do Sergas que teñen ese centro como hospital de referencia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.8            56753 (10/POC-008912)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis  
Sobre a situación na que se atopa a constitución dos consellos asesores de pacientes das áreas sanitarias de Galicia, previstos na Lei 1/2018, pola que se modifica a Lei de saúde  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 24.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 52980(10/POC-008243)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a garantía do dereito dos pacientes de Povisa a unha asistencia e servizos sanitarios de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos

*Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

Povisa ten o primeiro concerto en 1985 co ISM e o INSALUD.

En 1993 asina o primeiro Concerto Singular co Sergas, un concerto en base á estancia. O Sergas pagaba por día de estancia, polo que en Povisa unha apendicite botaba 15 días ingresada e no Sergas 5 días.

No ano 2000 asínase un novo Concerto polo que se lle outorga a Povisa a atención sanitaria de Cangas, Moaña, A Guarda, Gondomar, Baiona e parte de Vigo, con duración ata 2008 que se prorroga ata 2014.

En 2014, asínase o actual concerto baseado en número de persoas aseguradas, cun límite de 139.000.

Durante todos estes anos, Povisa foi converténdose cada vez nunha entidade máis imprescindible na área sanitaria de Vigo, xa que os sucesivos concertos foron dándolle máis cota de participación na sanidade pública.

Esta delegación da Sanidade Pública en Povisa fortaleceu notablemente a súa oferta privada (ten prestacións e servizos que o resto de hospitais privados non pode ofertar) que lle facilita a competencia neste sector.

E a pesar de ter o Concerto que Povisa quería asinar, nos termos que Povisa quería asinar, de ter conxelado o Convenio Colectivo dende 2010, de ter reducido





o cadro de persoal e as xornadas e de ter precarizado as condicións laborais, de ser o hospital privado con máis prestacións de Galiza, Povisa segue a chantaxear ao pobo galego.

Ao longo destes anos, Povisa e a Xunta acadaron un xeito de negociar: Asíñase un concerto por unha cantidade e unhas prestacións que poidan ser aceptables pola sociedade e despois Povisa reclama que o Sergas non paga parte da atención e o Sergas acepta e paga. Así que, en realidade: canto custa o Concerto de Povisa?

Por outra banda, e para facilitar a negociación, constrúense as portas xiratorias entre Povisa e o Sergas: os dous últimos Conselleiros proceden da dirección de Povisa (Rocío Mosquera e Xesús Vázquez Almuiña).

O secretismo sobre o Concerto de Povisa é total: descoñécese a súa lista de espera, tanto cirúrxica como de consultas; non se coñece o número de reingresos; non se coñecen as contas desagregadas entre a prestación privada e a pública dado que comparten profesionais, instalacións, medicación, medios diagnósticos, etc. O propio Consello de Contas fai referencia a diversas lagoas na fiscalidade de Povisa.

Povisa forma parte do holding Nosa Terra 21, formada polas seguintes filiais:

- Nosa Terra 2000.
- Povisa e Asistencia Médica Sanitaria (ASMESAN). Ademais Povisa é único accionista de Atención Integral a la Tercera Edad (AITE).

ASMESAN é a empresa pola que Povisa contrata ás comadronas (non pode contratalas Povisa porque son empregadas públicas do Sergas e hai incompatibilidade) e agora aos xefes de servizo que están xubilados (chegados os 70 anos non poden seguir traballando para o Sergas a través de Povisa, polo que os contrata por esta empresa pero seguen sendo Xefes de Servizo de Povisa).





AITE é a empresa pola que se constrúe e aluga vivendas moi próximas ao hospital a traballadores eventuais de Povisa.

- Empresas do sector naval, transporte marítimo, remolcadores, etc.

O enderezo social de todas as empresas do grupo é o mesmo e coincide co enderezo físico de Povisa (Rúa Zaragoza, Zamora, Barcelona e Salamanca son as rúas laterais de Povisa, polo que o enderezo, realmente é o mesmo).

Só Nosa Terra 21, que engloba a todas as empresa do grupo, presentou as contas globais do grupo correspondentes a 2018. Cada empresa do grupo individualmente non presentou a súa. Polo tanto, Povisa declara unhas perdas que non se poden comprobar nin, de existir, analizar a que se deben.

En 2013 Povisa obtivo os maiores beneficios de toda a súa historia tralos recortes da crise, que non volveu “reaxustar”. Coa chegada dos bos tempos e os beneficios do grupo empresarial ao que pertence o hospital, Nosa Terra 21, non deixan de medrar.

O dono do grupo, José Silveira Cañizares, é un dos homes máis ricos do estado. Era o 138º máis rico en 2017 cun patrimonio neto de 300 millóns de euros, e en 2018 caeu ao posto 152 aumentando ata 310 millóns o seu patrimonio.

E a pesar de todo isto, o maior hospital privado do Estado e 139.000 persoas que teñen este centro como hospital de referencia, anunciou en setembro do pasado ano a súa entrada en concurso de acredores, por mor, segundo a dirección do centro, do 'deficitario' convenio co Sergas que produciu unhas perdas acumuladas de 42 millóns de euros, por un convenio co Sergas lesivo para os seus intereses. Perdas que declaran cando o Concerto se incrementa anualmente mentres que o convenio colectivo permanece conxelado dende 2010. En decembro de 2017 retirou o concurso de acredores tras mellorar as condicións do Concerto co Sergas.



Este ano Povisa entre os seus obxectivos inclúe “reducir todas as actuacións (consultas, probas, intervencións...) en pacientes derivadas do Sergas que non acheguen ningún valor engadido” , “aproveitando esa liberación de recursos” para “mellorar cada vez máis o noso tempo de resposta a pacientes privados”.

Fontes de Povisa consideraron "absolutamente normal" esta estratexia: reducir probas "que non aportan valor engadido", ten como obxectivo "evitar que se moleste en exceso" aos pacientes con actuacións innecesarias. Pero esta delicadeza de trato só se aplica a pacientes Sergas, porque ao paciente privado pretenden realizarlle todas as probas que estime pertinentes a cambio de non molestar aos pacientes Sergas. Segundo a Dirección de Povisa, "se un usuario privado quere que lle realicen 40 TACs, pode E debe esixírnolos"- (Artigo 21.2 do Código Deontolóxico Médico: As exploracións complementarias non deben practicarse de xeito rutineiro, indiscriminado ou abusivo. A medicina defensiva é contraria á ética médica).

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

1. Vai abrir unha “investigación inmediata e transparente” para garantir aos pacientes de Povisa o seu dereito a unha asistencia sanitaria de calidade en condicións de igualdade e equidade cos pacientes dos hospitais públicos?
2. Vai permitir que a dirección de Povisa mude os criterios científicos nos que se basean as indicacións de consultas, probas ou intervencións aos pacientes Sergas, para así reducir o número delas co único obxectivo de incrementar a actividade privada e obter máis beneficios?
3. Vai esixir a Povisa as contas desagregadas entre a atención privada e pública que presta?
4. Vai esixir a Povisa as contas detalladas do hospital?
5. Vai abrir unha investigación inmediata e transparente sobre ASMESAN e AITE, os servizos que prestan en Povisa e o seu cadro de persoal?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/07/2019 10:41:50**  
**Nº Registro: 52980**  
Data envío: 29/07/2019 10:41:50.486

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/07/2019 10:32:50**

CSX: REXISTRO:GHpPYZ169  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 53198(10/POC-008296)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a licitación e posta en marcha do proxecto do Centro Integral de Saúde de Lalín

*Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/08/2019 13:15:50  
Nº Rexistro: 53198  
Data envío: 01/08/2019 13:15:50.253



## Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández** deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para resposta Oral na Comisión 5ª** relativa á situación das infraestruturas de sanidade no concello de Lalín:

O afastamento do concello de Lalín ao punto onde se sitúan grande parte das especialidades sanitarias, albergadas no Complexo Hospitalario Universitario de Compostela, unido ao avellentamento da poboación foron algúns dos motivos polos que na década pasada se definise a necesidade de contar cun Centro de Alta Resolución no que se concentrasen algunhas probas complementarias básicas e algunhas consultas especializadas, para procurar acercar e axilizar consultas de menor complexidade, así coma algunhas intervencións ambulatorias.

Sen embargo, este proxecto nunca se levou a cabo. A entrada do Partido Popular no Goberno bloqueou sistematicamente o desenvolvemento de este e moitos outros dispositivos sanitario deseñados para a mellora do sistema.

O rexeitamento a formalizar e orzamentar este proxecto a pesares de contar con terreos municipais acompañouse co persistente voto en contra en cada anualidade de todas as emendas efectuadas pola oposición aos orzamentos da Xunta para propor as partidas necesarias.

Sen embargo, tras rexeitar no mes de decembro as emendas de En Marea para a construción de este dispositivo, a Xunta anunciaba un “Centro de Integral de Saúde” para Lalín coma se este fose algún tipo de novidade.





O certo é que, a estas alturas, tras ter asinado un convenio co Concello, descoñecemos na realidade (só nas novas de prensa), cal é a diferenza co anterior proxecto, que vai pasar co centro de saúde ou con que cartos se vai construír esta infraestrutura. Hai que lembrar que nin tan sequera existe partida nos recén aprobados orzamentos de 2019.

Ante estas circunstancias, En Marea pregunta:

- 1.- ¿Vai ter o proxecto do Centro Integral de Saúde todos os servizos programados para o Centro de Alta Resolución?
- 2.- ¿Por que non se incluíu unha partida nos orzamentos de 2019 para a súa construción?
- 3.- ¿Van comprometer por escrito unha partida orzamentaria para a construción de este dispositivo?
- 4.- ¿Cando van licitar o seu proxecto? ¿Para cando pretenden telo rematado?

Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. de En marea



CSX: FEYXSTRONcd7vAm4L9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2019 13:15:50**  
**Nº Rexistro: 53198**  
Data envío: 01/08/2019 13:15:50.253



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 01/08/2019 13:10:00**

CSX: REXISTRO/cd7vAm4L9  
Validado  
<https://secta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 53433(10/POC-008363)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a activación da quenda de garda psicolóxica para as vítimas de violencia machista

*Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019*



### Á Mesa do Parlamento

**Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na Lexislación e máis polo miúdo na prevención, sensibilización, atención e protección hai un traballo específico e especializado que loita dun xeito activo contra a violencia de xénero, non só enfocado ás mulleres senón tamén de cara aos menores, vítimas en moitos casos directos do propio maltrato.

Pasamos en moi pouco tempo dunha violencia de portas cara a dentro dos fogares, a un berro social, veciñal e familiar contra este tipo de violencia. Gracias ao traballo coordinado das administracións, da sociedade e das asociacións que empurran para que non haxa nin un asasinato máis, e ningunha muller ou menor poida sufrir sen ser escoitado ou escoitada.

O incremento no orzamento, a laboura dos que saben, o forte impulso das campañas de sensibilización e prevención, e a concienciación social á que chegamos, fan que o número de denuncias sexa maior, e que o nivel de tolerancia coa violencia machista sexa cada vez menor, e que se poida chegar a unha permisividade cero, sempre co traballo de todos os sectores implicados.

Moitos son os profesionais neste ámbito, e todos e cada un deles fundamentais para unha axeitada “recuperación do dano”. A atención, dende unha chamado a un teléfono, a inmediatez das Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, a asistencia sanitaria de calidade, a vixilancia do profesorado nas escolas, nos institutos e nas universidades, os protocolos nos postos de traballo, a formación da administración pública, a especialización nos eidos da avogacía e do traballo social, a escoita activa psicolóxica





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/08/2019 10:05:27  
Nº Rexistro: 53433  
Data envío: 06/08/2019 10:05:27.799**

e tantas outras accións suman contra a violencia de xénero e no avance para a súa erradicación.

Como ben reflectiron os diferentes expertos de tódolos ámbitos na Comisión de estudo para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no Parlamento galego, ao longo destes últimos anos Galicia é referente en España e xa ten implementadas moitas das medidas propostas no Pacto de Estado contra a violencia machista aprobado a finais de 2017 no Congreso dos Deputados. Unhas destas medidas son a 65, 66 e 67 de dito Pacto, onde se reflicte especificamente a coordinación, o traballo en rede da actuación dos distintos servizos, nas unidades de apoio dun xeito permanente, urxente e especializado e, por suposto a atención psicolóxica como un dos piares fundamentais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- 1- De que xeito se activa a quenda de garda psicolóxica para as vítimas de violencia machista?**
- 2- Quen pode recibir esta atención?**
- 3- Como e cales son os requisitos de acceso ao mesmo?**
- 4- Onde se porá en marcha?**

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2.019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles García Míguez na data 06/08/2019 09:58:34**

**Paula Prado Del Río na data 06/08/2019 09:58:55**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/08/2019 09:59:14**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/08/2019 10:05:27  
Nº Rexistro: 53433  
Data envío: 06/08/2019 10:05:27.799**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/08/2019 09:59:47**

**Marta Rodriguez Arias na data 06/08/2019 10:00:10**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/08/2019 10:00:41**

**María Soraya Salorio Porral na data 06/08/2019 10:00:58**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/08/2019 10:01:06**

CSV, REGISTRO XERAL ENTRADA  
Validación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 54501(10/POC-008612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as modificacións que vai implementar a Xunta de Galicia na unidade de atención temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, os servizos que vai poñer en funcionamento na comarca de Lemos e no Hospital de Monforte, así como a dotación de persoal e servizo que van prestar as dúas novas unidades anunciadas no mes de agosto para diversos concellos da provincia de Lugo

*Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/08/2019 10:38:02  
Nº Rexistro: 54501  
Data envío: 30/08/2019 10:38:02.213

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a atención temperá na provincia de Lugo, especialmente a unidade do HULA, e as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir a calidade asistencial das crianzas con trastornos de desenvolvemento.

En maio de 2019 desde o Bloque Nacionalista Galego reclamamos unha maior dotación de persoal na unidade de atención temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti así como a ampliación do horario de atención das crianzas usuarias deste servizo tamén polas tardes.

Trasladamos así as demandas de moitas familias das comarcas de Lugo, Sarria e Lemos que denunciaban as listas de agarda, a redución de sesións así como os prexuízos que a falta de persoal estaba a carrexar ás súas fillas e fillos.

Despois da pregunta oral formulada polo noso grupo no Pleno, desde o HULA comprometéronse coas familias a implementar unha serie de mudanzas para mellorar a calidade asistencial en atención temperá, entre outras cuestións, reforzar o servizo de logopedia e terapia ocupacional do HULA en horario de tarde para crianzas escolarizadas; ampliar a xornada completa o horario da psicóloga e crear o servizo de terapia ocupacional unha tarde á semana no Hospital comarcal de Monforte para atender as crianzas do sur da provincia.

CSM-REXISTROKOPXyEidD  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/08/2019 10:38:02**  
**Nº Rexistro: 54501**  
Data envío: 30/08/2019 10:38:02.213

Porén, as familias trasladan ao noso grupo que as mudanzas non se están a implementar en todos os casos e nalgúns apenas parcialmente.

Entretanto, a Xunta de Galiza anunciou no mes de agosto a creación de dúas unidades novas para atender, dunha banda, os concellos de Castro e Outeiro de Rei e, doutra, os de Palas de Rei, Begonte, Friol e Guntín.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que mudanzas prevé implementar e en que servizos a Xunta de Galiza na unidade de atención temperá do HULA? Vai contratar máis persoal?
- Que servizos prevé implantar o Goberno galego na comarca de Lemos e no Hospital de Monforte?
- Con que dotación de persoal contan as dúas novas unidades anunciadas no mes de agosto e de que maneira prestarán o servizo?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/08/2019 10:38:02**  
**Nº Registro: 54501**  
Data envío: 30/08/2019 10:38:02.213

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2019 10:08:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2019 10:09:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2019 10:09:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2019 10:09:16**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/08/2019 10:09:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2019 10:09:40**

CSX: FEXYSTROK4OPX-YeId0  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 56418(10/POC-008871)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao novo centro de saúde de Narón de servizo de radioloxía, dunha unidade de saúde mental e de máis persoal, así como a diminución da ratio por doente en medicina familiar e enfermaría

*Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/09/2019 11:30:58  
Nº Rexistro: 56418  
Data envío: 26/09/2019 11:30:58.744

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar ao novo centro de saúde de Narón de servizo de radioloxía e saúde mental.

O construción dun novo centro de saúde en Narón é unha necesidade que se ven reclamando desde hai dez anos, cando rematando o ano 2008, o Concello de Narón asinaba un protocolo co Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galiza, para a construción dun novo centro de saúde, dada a necesidade da dita infraestrutura apreciada polas dúas administracións, non era imaxinábel que a esta altura de 2019 @s veciñ@s de Narón aínda non poidan desfrutar do mesmo, iso si as obras foron inauguradas xa dúas veces polo conselleiro de Sanidade, a finais do 2017 e en febreiro do 2019, sempre previas a períodos electorais.

Para o BNG é motivo de preocupación o atraso na construción da infraestrutura, as obras aínda se iniciaron en maio deste ano 2019, e que ademais non se contemple a reserva de espazos para radioloxía e saúde mental, xa que ningunha das dúas especialidades figuran no proxecto, a pesares de que foi anunciado en diversas notas tanto polo concello como pola Xunta que habería radioloxía.

O BNG considera unha necesidade que, un centro de saúde que vai atender arredor de 35.000 tarxetas sanitarias conte cun servizo de radioloxía e tamén cunha





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/09/2019 11:30:58

Nº Registro: 56418

Data envío: 26/09/2019 11:30:58.744

unidade de saúde mental, ou como mínimo, unha consulta de psicoloxía clínica para que unha avaliación, diagnóstico e tratamento psicolóxico temperá permita descolapsar a Unidade de Ferrol e mellorar a atención que reciba a poboación. De igual xeito que é imprescindible que se aumente o cadro de persoal para que os rateos profesionais-doentes permitan unha atención sanitaria de calidade.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Ten previsto a consellería de Sanidade dotar de servizo de radioloxía o novo centro de saúde de Narón?

2.- De contemplar o servizo de radioloxía porque aínda non está incluído no proxecto oficial unha vez que as obras xa están reiniciadas?

3.- Contempla a consellería de sanidade crear unha unidade de saúde mental en Narón ou atención en psicoloxía clínica?

4.- Ten pensado dotar de máis persoal o novo centro de saúde e reducir a rateo por doente, tanto en medicina familiar como enfermería?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

CSX: REXISTROUD04hPSVt8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/09/2019 11:30:58**  
**Nº Registro: 56418**  
Data envío: 26/09/2019 11:30:58.744

**Luis Bará Torres**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 11:06:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 11:06:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 11:06:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 11:06:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 11:06:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 11:06:39**

CSX: REXISTRODOSHPSV18  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 56681(10/POC-008895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do risco da poboación galega de padecer vulnerabilidade social, situacións de pobreza ou exclusión, e as súas previsións en relación co incremento das medidas actuais para previr a marxinação e favorecer a inclusión social

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/09/2019 16:56:27  
Nº Rexistro: 56681  
Data envío: 30/09/2019 16:56:27.428

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A edición 2019 do informe da Fundación Foessa, sobre a exclusión e desenvolvemento social en Galicia, presentado recentemente por Cáritas, alerta de que tan só o 41 % da poboación galega está nunha situación de integración plena. No extremo oposto, case un de cada cinco galegos e galegas atópase en situación de exclusión social. Ademais, o 41,6 % da poboación galega atópase nunha situación precaria e conta cunha alta taxa de vulnerabilidade social e con risco de caer en situacións de pobreza ou exclusión, sobre todo no escenario dunha nova crise económica. Constatase, ademais, unha maior feminización da pobreza, pois o 20 % dos fogares sustentados por mulleres están en situación de exclusión. Entre as conclusións, destaca a énfase posta no papel da vivenda para inclusión ou exclusión. O Informe revela ademais que os efectos da recuperación económica non parecen facerse notar con claridade en Galicia: a maior parte da poboación galega, o 75,1 % non percibe a chegada dos efectos da recuperación económica ao seu fogar, porcentaxe que se amplía até o 80,8 % no caso das persoas que viven en fogares en situación de exclusión.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno de Feijoo para previr a marxinação e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai do elevado risco de vulnerabilidade social e de caer en situacións de pobreza ou exclusión da poboación galega?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSM-REXISTRODUTMNPV76  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2019 16:56:27**  
**Nº Registro: 56681**  
Data envío: 30/09/2019 16:56:27.428

2. Considera a Xunta de Galicia que a Renda de Inclusión Social é suficiente para cubrir as necesidades de toda a poboación obxectivo?
3. Está o Goberno galego planificando e presupostando suficientemente as políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar as medidas actuais para previr a marxinación e favorecer a inclusión social?
5. En caso afirmativo, de que medidas se trata?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 16:54:06**

**Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 16:54:17**

**María Luisa Pierres López na data 30/09/2019 16:54:28**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7 56705(10/POC-008903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto da posible venda do Hospital Povisa de Vigo a un grupo empresarial norteamericano e, se é o caso, a garantía do mantemento da calidade asistencial que se está a ofrecer aos pacientes do Sergas que teñen ese centro como hospital de referencia

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/09/2019 17:37:23  
Nº Rexistro: 56705  
Data envío: 30/09/2019 17:37:23.099

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Nos recentes días foi coñecida a posibilidade de que a empresa propietaria do Hospital Povisa, propiedade ata o de agora dunha empresa galega, vendese este centro a un grupo empresarial norteamericano, dedicado principalmente ao negocio dos seguros médicos. Esta posible venta supón un elemento de inseguridade sobre as circunstancias que rodean á atención que presta este hospital na área sanitaria de Vigo.

O Hospital Povisa mantén un convenio co Sergas polo que supón o centro hospitalario de referencia para un volume aproximado de 135.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, e que supón un custe directo para os sistema público de máis de 80 millóns de euros ao ano. Esta circunstancia, xa anómala de por si, mantén un equilibrio inestable na prestación asistencial, xa que Povisa ofrece datos variables respecto do Sergas en cuestións como listas de espera ou as condicións laborais dos/as profesionais. A este escenario súmase a opacidade coa que o Sergas negociou e asinou con Povisa os últimos acordos, incluído o incremento da aportación que o sistema público fai a este centro privado para continuar coa asistencia concertada, elevando a contía pactada no anterior convenio por mor dunha intención unilateral da empresa de condicionar a asistencia sanitaria á recepción deses fondos.

A incerteza que rodea ao convenio e garantías que ofrece o centro Povisa e a opacidade e falta de información que a Xunta de Galicia vén amosando provoca preocupación na cidadanía e no colectivo de traballadores/as do centro.

CSM-REXISTROIXLmgw0P4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2019 17:37:23**  
**Nº Rexistro: 56705**  
Data envío: 30/09/2019 17:37:23.099

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que información ten a Xunta de Galicia sobre as posibilidades de venda do centro Povisa?
2. Tiña coñecemento a Xunta de Galicia da posibilidade de que o centro hospitalario Povisa sexa vendido a algún grupo empresarial estranxeiro? Que información recibiu da empresa sobre desta cuestión?
3. Pode garantir a Xunta de Galicia que a venda do centro hospitalario Povisa non afectará á calidade asistencial que se ofrece ás persoas pacientes do Sergas que teñen a este centro como referencia?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 17:31:16**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 30/09/2019 17:31:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 17:31:36**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 24.10.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.8 56753(10/POC-008912)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre a situación na que se atopa a constitución dos consellos asesores de pacientes das áreas sanitarias de Galicia, previstos na Lei 1/2018, pola que se modifica a Lei de saúde

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*

### **A Mesa do Parlamento**

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A modificación da Lei de Saúde de Galicia estendeu a participación dos pacientes na Sanidade Galega.

No articulado da mesma contéplase a extensión do Consello Asesor de Pacientes Galego a cada unha das sete Áreas sanitarias de Galicia.

Estes novos consellos de Área permiten coñecer de xeito mais próximo as necesidades e suxestións destes colectivos para planificar actuacións que melloren a asistencia sanitaria nas distintas áreas sanitarias.

Transcorrido mais dun ano dende a aprobación da modificación da Lei de Saúde de Galicia, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Como se atopa a constitución dos Consellos Asesores de Área de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/10/2019 10:23:10**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 01/10/2019 10:23:32**

**María Ángeles García Míguez na data 01/10/2019 10:23:51**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/10/2019 10:24:05**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/10/2019 11:16:27  
Nº Rexistro: 56753  
Data envío: 01/10/2019 11:16:27.707**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/10/2019 10:24:41**

**María Soraya Salorio Porral na data 01/10/2019 10:25:03**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/10/2019 10:25:15**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 01/10/2019 10:25:37**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/10/2019 10:25:48**



CSX:REXISTRO:56CKFRX5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)